

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 6 de XUÑO DE 2003**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria, que se celebrará o vindeiro venres, día 6 de xuño de 2003, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación das actas anteriores, correspondentes á sesión ordinaria celebrada o día 25 de abril, núm. 5/03, e extraordinaria celebrada o día 8 de maio, núm. 6/03.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 5.230 á 8.199.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 3.- Modificación da Base 25ª das de execución do presuposto correspondente ó exercicio 2003.

Cooperación e Asistencia ós Concellos

- 4.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Reparación da rede de pluviais en Ares”, do Concello de Ares, incluída no Plan de Temporais 2001 cofinanciado polo MAP, Xunta de Galicia, deputación e concellos, apartado de obras municipais. Código 01.2910.0027.0.
- 5.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Cubrición da polideportiva do Andoio” do Concello de Tordoia, incluída no POS 2002. Código 02.2100.0363.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 6.- Aprobación da 2ª fase da 1ª Programación plurianual das obras que se van contratar pola deputación incluídas no 4º convenio de Cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002/2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

7.- Posta en coñecemento da Resolución da Presidencia núm. 4731/2003 relativa á redacción do proxecto de adaptación do edificio da rúa da Franxa (actual sede do Conservatorio de Danza) para destinalo ó Centro de Formación e Perfeccionamento do persoal da deputación e dos concellos da provincia, así como a sala de exposicións temporais.

8.- Posta en coñecemento da Resolución de Presidencia núm. 2035/2003 relativa á redacción do proxecto de ampliación e adaptación do actual edificio do Arquivo Provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 6 DE XUÑO DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 6 de xuño de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o Interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 25 DE ABRIL, NÚM. 5/03, E EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 8 DE MAIO, NÚM. 6/03.

Apróbanse as actas as actas anteriores correspondentes á sesión ordinaria celebrada o día 25 de abril, núm. 5/03, e extraordinaria celebrada o día 8 de maio, núm. 6/03.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 5.230 Á 8.199.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 5.230 á 8.199.

3.- MODIFICACIÓN DA BASE 25ª DAS DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2003.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para anunciar a nosa abstención. Trátase, como xa dixemos en comisión, máis ben dunha modificación de carácter técnico, pero en todo caso tamén por

certa coherencia co que votaramos na aprobación do conxunto das bases e dos propios orzamentos, imos manter unha posición de abstención.

Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

O voto do grupo socialista vai ser negativo neste punto, e vou explicar o por qué do voto negativo. Isto é, efectivamente, unha modificación técnica para favorecer os anticipos de caixa para pagar a peaxe da Barcala. Nosoutros sempre nos opuxemos a que a deputación participase no que era un compromiso da Xunta de Galicia, de facer gratuíto, de liberar, a peaxe no treito A Barcala-A Coruña, fora unha promesa electoral do entón conselleiro de Ordenación do Territorio, e entendiamos que a deputación non debería de participar neste financiamento. Pero, á parte houbo algo que cambia substancialmente o contido dese acordo, e é que as autovías se privatizaron, non é o intre de discutir aquí sobre a privatización porque non temos competencias tocante a isto, pero si expresar a opinión do Partido Socialista, oposta á privatización das autoestradas. Nosoutros entendemos que non pode o Estado ser propietario de algo cando produce perdas, e cando xera beneficio que se private. Esa é unha política que segue o goberno do Partido Popular, que é unha política lexítima pero que nosoutros non compartimos, e entendemos que a privatización supón un empobrecemento social, é perda dun patrimonio público que se considera absolutamente innecesario.

Por estas razóns, porque entendemos que non eramos partidarios desta subvención, que era un compromiso do Partido Popular na Xunta de Galicia, e que era unha cuestión que debería de resolver o Partido Popular, favorecendo a liberación da peaxe e a gratuidade da peaxe, e por entender que a privatización fai inviable xa calquera tipo de liberalización deste tipo de treitos nas autoestradas, imos votar que non.

Sr. presidente

Creo que a liberalización da peaxe A Barcala-A Coruña sempre o tivemos claro todos. Eu lémbrome ademais da sinatura do protocolo deste tema, estivo presente o Sr. alcalde da Coruña dando apoio, non asinando, pero dando apoio a esta iniciativa. Polo tanto, creo que non debera haber ningún problema nese tema, pero ben, cadaquén é libre de ter as súas posicións nos temas que considere máis oportunas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 11 deputados (PSOE)

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Modificar os puntos 1 e 2 da base 25ª das de execución do orzamento correspondente ó exercicio 2003 nos seguintes termos:

“1º)Ámbito

O réxime de anticipos de caixa fixa aplicarase ós seguintes centros ou establecementos provinciais.

- Colexio Calvo Sotelo
- Instituto Puga Ramón
- Imprenta Provincial
- Parque Móbil
- Servicio de Recadación
- Fogar Infantil Emilio Romay
- Fogar Infantil de Ferrol
- Administración Biblioteca e Arquivo Provincial
- Patrimonio e Contratación
- Patrimonio e Contratación. Convenio de subvención de peaxe A-9.
- Conservatorio Profesional de Danza

Os anticipos de caixa fixa destinaranse a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como material de oficina non inventariable, subministración de produtos perecedoiros tales como alimentación, combustible, material funxible, servicios de mantemento de edificios, instalacións, etc., e calquera outro de similar natureza que sexan imputables ó capítulo II do orzamento xeral de gastos, así como para atencións de gastos do capítulo IV do dito orzamento, respecto ós convenios de colaboración para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no treito A Coruña-A Barcala da autoestrada A-9 para os residentes na provincia da Coruña suscrito o 20 de decembro de 2002 entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e esta deputación e para a posta en funcionamento dunha tarxeta para a dita subvención asinado o 24 de marzo de 2003 entre a citada consellería, Caixa Galicia e esta deputación.

A proposta dos responsables dos centros e servicios provinciais, despois dos informes previos da Intervención e da Tesourería Provincial, e a través de Resolución da

Presidencia, poderán modificarse os centros ou servicios provinciais ós que se faga extensivo o réxime de anticipos de caixa fixa disposto na presente base, respectando o seu contido no que se refire a contía, situación dos fondos, control, xustificación e contabilidade.

2º) Contía

Os anticipos de caixa fixa, en función dos gastos que se han satisfacer con cargo a eles, respecto ó capítulo 2º, poderán acadar unha contía equivalente o 25% do importe das consignacións orzamentarias do dito capítulo, xestionadas directamente polos responsables do anticipo concedido. A resultas disto non se terán en conta á hora de cuantificar estes anticipos de caixa fixa aqueles gastos xestionados directamente polos Servicios Centrais da Deputación: Contratacións, Arquitectura, Enxeñería, etc.

Para os anticipos de caixa fixa destinados a pagar os gastos do capítulo IV estarase ó disposto nos convenios mencionados no parágrafo 3º deste apartado.”

2º.-Esta modificación estará suxeita ós seguintes trámites:

- Exposición ó público de quince días para efectos de reclamacións.
- Aprobación definitiva. A inicial elevarase a definitiva de non existiren reclamacións.
- Publicación no Boletín Oficial da Provincia da aprobación definitiva.

3º.-As modificacións propostas serán de aplicación unha vez se producira a súa entrada en vigor, é dicir, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o anuncio da súa aprobación definitiva.”

4.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REPARACIÓN DA REDE DE PLUVIAIS EN ARES”, DO CONCELLO DE ARES, INCLUÍDA NO PLAN DE TEMPORAIS 2001 COFINANCIADO POLO MAP, XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓN E CONCELLOS, APARTADO DE OBRAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 01.2910.0027.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-lo proxecto reformado da obra "Reparación rede de pluviais en Ares” do Concello de Ares, incluída no Plan de temporais 2001 cofinanciado polo MAP, Xunta de Galicia, deputación e concellos, apartado obras municipais co código: 01.2910.0027.0. cun presuposto de contrata de 31.339,41 € que non representa unha variación no seu presuposto total nin varía a finalidade ou o obxecto da obra, pero si implica unha alteración

substantial do contido do proxecto por afectar a máis do 30 % das obras proxectadas orixinariamente.

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Xunta</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Presuposto Total</u>
01.2910.0027 .0	Reparación rede pluviais en Ares	7.917,46	15.669,70	7.752,25	31.339,41

5.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CUBRICIÓN DA POLIDEPORTIVA DO ANDOIO” DO CONCELLO DE TORDOIA, INCLUÍDA NO POS 2002. CÓDIGO 02.2100.0363.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o proxecto reformado con incremento da obra “Cubrición polideportiva Andoio” do Concello de Tordoia, incluída no POS 2002. Código: 02.2100.0363.0, presentado polo citado concello.

1º.- Aproba-lo proxecto reformado da obra “Cubrición polideportiva Andoio” do Concello de Tordoia, incluída no POS 2002. Código: 02.2100.0363.0. O proxecto reformado implica un incremento no presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables ás achegas da Deputación e do Estado.

**02.2100.0363.0 Cubrición polideportiva Andoio
(Concello de Tordoia)**

	<u>Proxecto inicial</u>	<u>Proxecto Reformado</u>	<u>Diferencia</u>
Deputación	55.507,84	55.507,84	0
Estado	11.633,00	11.633,00	0
Concello	3.533,73	26.158,16	22.624,43
TOTAL	70.674,57	93.299,00	22.624,43

2º.- Dispoñer a súa publicación no B.O.P. para efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación

3º.- Remiti-lo expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no artgº 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

4º.- Remiti-lo expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.

5º.- Remiti-lo expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe a este respecto considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.”

6.- APROBACIÓN DA 2ª FASE DA 1ª PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE SE VAN CONTRATAR POLA DEPUTACIÓN INCLUÍDAS NO 4º CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002/2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Cando vai facer exactamente un ano que se aprobara nesta institución o modelo de convenio entre a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte, para a subscrición deste convenio plurianual, é quizais máis necesario ca nunca desempeoar algunhas das razóns que naquel momento levaron ó noso grupo a facer unha crítica dun proceso que ademais sabiamos que ía resultar como de feito está resultando, e polo tanto estamos diante dunha política de feitos consumados, pero que convén hoxe aquí, canto menos, facer unha pequena referencia a dous ou tres aspectos, porque senón, tampouco se entendería a nosa posición política.

Cando se debateu aquela proposta xa deixamos en evidencia que as razóns do noso posicionamento contrario á proposta que se traía estaba baseado en dúas cuestións: a primeira delas, e fundamental, que era que dado o amplo prazo de anualidades en que se viña mantendo ese convenio, é dicir, que tiñamos xa unha experiencia evidente dos resultados desa política conveniada entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña, conviña, á hora de subscribir un novo convenio, facer un balance de cáles son os resultados ¿non?, nas políticas, sobre todo nas políticas que teñen unha duración que vai máis alá do exercicio orzamentario, plurianual neste caso, convén ser reflexivos e ser autocríticos tamén para saber se os mecanismos que se están a aplicar teñen efectividade sobre a materia na que se está actuando. E en concreto nosoutros faciamos referencia a que sería necesario saber, primeiro, ter un balance de cáles foron os resultados dos convenios anteriores, e sobre todo visualizar se o efecto desa política realmente está contribuíndo ós obxectivos, que é que esa política de convenio, esa política de coordinación e de colaboración, que

nosoutros, naturalmente, non só subscribimos senón que apostamos por ela, tería uns efectos naqueles concellos onde se fai esa obra, e no conxunto dos concellos da nosa provincia.

Xa naquel momento vimos con toda claridade que esta deputación seguía na mesma dinámica, que é non querer falar, non querer facer balance do que se estivo facendo, e entrar nunha nova etapa como se todo o que se está facendo se estivera facendo ben. Polo tanto, aínda no día de hoxe descoñecemos, descoñecemos nunha análise pormenorizada, porque claro, facer unha valoración do que está a pasar, non é que nos entreguen unha listaxe de obras onde nos digan: “en tal sitio falta un canlón, en tal sitio hai goteiras, ou en tal sitio non hai porterías de balonmán”; esa non é unha valoración, haberá que facer unha valoración máis pormenorizada, e o único que tivemos no seu momento foi unha listaxe de incidencias, pero que non é que non nos interesara, que tamén nos interesa, pero digamos que neste aspecto era secundario. Primeira cuestión. Segunda cuestión: á hora de facer unha elaboración dun convenio, que nosoutros xa dicíamos entón que vai condicionar, non ó actual grupo de goberno da deputación, senón ó que veña, que en todo caso, xa dicíamos entón, sexa o que sexa será distinto, non será o mesmo, non se vai reproducir, e polo tanto, facer un convenio que teña unha duración ata o ano 2006 implicaría facer as cousas doutra maneira; implicaría facer as cousas priorizando e, dalgunha maneira, concretando aqueles criterios, obxectivando aqueles criterios que van facer ese plan plurianual, é dicir, que o método de elaboración dese plan plurianual vaia baseado en realidades que son constatables, coma o número de habitantes que poden ter os concellos, a capacidade económica, o esforzo fiscal, digamos que a capacidade que se está tendo no que é a organización de actividades de carácter deportivo, tanto de cara ó conxunto da cidadanía, como ás entidades que existen nos concellos, etc., etc. Tratábase de por enriba da mesa argumentos que se poden obxectivar, para dicir: “ímos priorizar, primeiro van ser estes concellos e imos facelo desta maneira”. Naturalmente, todo isto non se fixo en absoluto; incluso a propia virtualidade do convenio, que sería que ese convenio fora libre para os concellos, que fora unha convocatoria aberta a tódolos concellos da provincia da Coruña e que polo tanto iso non se reducira a unha visión por arriba, ou ben da Secretaría Xeral para o Deporte ou ben da propia Deputación da Coruña, no senso de dicir: “parécenos que deben de ser estas obras”, senón que se de facer unha actuación deste tipo, que ademais ten unha duración de bastante tempo, pois que efectivamente sexa pública e sexa para tódolos concellos, de tal forma que poida participar todo o mundo, naturalmente, que cumpra, desde o primeiro ó último, as bases que se fan.

E polo tanto, o que temos hoxe aquí, e o que se vai aprobar, é unha parte dun proceso que se fixo total e absolutamente mal, por máis de que cómo se vai investir diñeiro, efectivamente vai haber obras nalgúns concellos. E estamos no debate de sempre, é dicir, nosoutros non estamos en contra de que algunhas das obras que van, en concreto algunhas das que están aquí, teñan que ir agora ou que sexan prioritarias ou non; estamos nun debate absurdo, porque como empezamos a casa polo tellado, decidimos as cousas mal. E eu fago

sempre a pregunta do millón: ¿igual que están estas que están hoxe aquí poderían estar outras? ¿si? ¿entón onde está a decisión política e a obxectivación dos criterios para que veñan precisamente estas e outras vaian, por exemplo, no ano 2006, con tres anos de retraso?

Recoñezamos que este modelo de convenio, que temos neste momento non serve absolutamente máis que para que a Xunta de Galicia presuma de concertar convenios o que en realidade non é un convenio, nosoutros non estamos concertando convenios coa Xunta de Galicia, nin sequera, fixémonos na proposta que vén hoxe aquí onde tódalas obras non son por convenios coa Xunta de Galicia, serán concertadas en convenios para os carteis, pero o financiamento sae practicamente todo das arcas da Deputación da Coruña, xa sei que por un reparto que se acordou aquí. Nin sequera concertamos convenios economicamente, unhas págaas a Xunta de Galicia e outras págaas a Deputación da Coruña. É un modelo de convenio curiosísimo, para concertar convenios así, é mellor que eles fagan o que queiran e nosoutros o que nos dea a gana. E polo tanto, o do convenio quedou na teoría, nesas grandes letras, que lle serven, como digo, á Xunta de Galicia para dicir que fai o que en realidade non fai, e aínda enriba o pouco que fai o que fai cos cartos da Deputación da Coruña.

Neste senso, xa concretando a nosa posición, que se deriva naturalmente, de cómo é o proceso, porque se estiveramos aquí discutindo obxectivamente, posiblemente non tiveramos en absoluto nada en contra, pero isto parte de todo un proceso que ademais vai ter condicionada tamén a vindeira corporación, e aí seguramente haberá que tomar medidas. Neste senso, eu quero anunciar que o noso grupo vai manter unha posición de abstención, porque tamén temos respecto polas necesidades -que as terán os concellos que entraron, pero tamén temos moito respecto polas necesidades dos concellos que, nin entraron nin van entrar, en función dun proceso que se fixo total e absolutamente mal. Reitero a nosa posición de abstención netes punto.

Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

Neste tema o grupo socialista vai pedir que se someta a votación o que quede sobre a mesa este punto. Nosoutros opuxémonos co noso voto, e argumentamos a razón e as motivacións para votar en contra do texto do convenio tal e como se aprobou nunha sesión na Deputación provincial, porque entendiamos que non era razoable que a deputación pagase os dous primeiros anos, a Xunta pagase os dous últimos anos, unha parte o xestionase a deputación, outra parte o xestionase a Xunta, que non era un texto razoable do convenio. E votamos tamén que non na primeira fase que se aprobou, das obras que se

aprobaron, porque entendiamos que non existía motivación, que non coñeciamos criterios nin sabiamos os criterios que se adoptaran para seleccionar unhas obras e non outras.

Neste caso, e lembro que nese debate nosoutros propuxeramos que se nos dese tamén unha avaliación de como funcionara o anterior convenio para saber o resultado que dera, e non se nos facilitou, e pediamos tamén que se nos facilitase a acta da reunión da comisión paritaria onde se seleccionaron as obras para saber cáles foron os criterios e cales foron as motivacións para seleccionar unhas obras ou outras obras. Vemos -e non é unha crítica- pero é unha constatación, que as obras que se van financiar son de Boimorto, de Coristanco, da Laracha, de Padrón, de Ponteceso e de Teo, que curiosamente -e non significa nada pero curiosamente son todos concellos que están gobernados polo Partido Popular. É posible que haxa razóns de peso para que estas obras se fagan, e se fagan agora; pero descoñecémolas, porque non sabemos porque se seleccionaron estas obras, cáles foron os criterios, como se motivou... Descoñecemos todo. Entón, aínda dicindo que poderíamos votar a favor desta proposta, porque ó mellor é razoable, pero non sabemos se é razoable ou non é razoable, como é un tema que non é urxente aprobar isto agora ou aprobalo dentro de dous ou tres meses, propoñeríamos que se deixase sobre a mesa para coñecer esa información, que consideramos que é vital para formar unha opinión, e en consecuencia para posicionarse ante este tema.

No caso de que o tema fose rexeitado e non se aprobase o quedar sobre a mesa, o grupo socialista votaría en contra deste punto.

Sr. Varela Rey

Empezarei por amosar que este proxecto obedece a unha política de coordinación e de colaboración e cooperación entre a Xunta, os concellos e a Deputación provincial, onde participan en partes tanto a Xunta, como a deputación e os concellos, que se establecen como obxectivos prioritarios para completar equipamentos deportivos en cada un dos concellos, que hai unha avaliación favorable, moi positiva, de actuacións anteriores, e que polo tanto parece propio continuar este tipo de compromiso de acordos. Estas obras que se incorporan aquí son aquelas que foron demandadas polos propios concellos, e que tamén hai un compromiso por parte deles para achegar a súa parte, que é imprescindible. E que polo tanto, nosoutros imos dar o visto e prace, non imos votar que quede sobre a mesa porque nos parece que é un compromiso xa feito de antemán, porque o que se fai é a aprobación, porque a programación estaba xa feita de antes. O feito de que se xestione a contratación en parte pola deputación e en parte pola Xunta é para dar maior axilidade, en todo caso a deputación contratará aquilo que achega, e a Xunta tamén na contía que achega. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente dúas precisións. Claro, para que a Xunta contrate o que achega e a deputación contrate o que achega non cómpre o convenio. É unha tontería ¿non?, é unha perda de tempo ademais, entre outras cousas, porque como dixo tamén o voceiro do grupo socialista, non coñecemos a acta do convenio, que seguramente a acta estará condicionada por quen manda aquí, ¿non? Entón, efectivamente, para facelo así, non necesitamos nada; isto, Sr. Varela, non é unha programación; é unha chapuza; é unha relación de obras, que se non hai criterios, se non hai parámetros obxectivos, non é unha programación; é unha chapuza. E voulle ler algo para que vostede non se vaia de aquí sen alegar descoñecemento sobre algunhas cousas: no punto número dous do informe que fixo Patrimonio e Contratación ó modelo de convenio dicíase taxativamente: “no expediente non consta a situación actual da provincia da Coruña no que se refire a instalacións deportivas, co fin de elaborar os criterios obxectivos, precisaríase dispor polo menos da seguinte información: número de instalacións deportivas, etc., etc.”

Continúa o informe do Servicio de Xestión de Plans: “non se contén no borrador que se está analizando criterios relativos a prioridade de actuación naqueles concellos con situación económica máis desfavorecida, que presentan unha maior necesidade ou carencia en materia de infraestructuras...” -e segue-: “deberíanse ter en conta factores tales como número de habitantes de cada concello, número de instalacións deportivas existentes en cada concello, modalidades deportivas que se practican...” E termina o informe de Patrimonio e Contratación: “...non se establece un período de información pública, conforme ó principio de publicidade, de igualdade, co fin de que todos os concellos, dentro do prazo establecido, formulen as súas solicitudes en modelos formalizados...” ¿Vostede pódelle chamar a iso programación? Iso é unha relación de obras, feita de maneira chapuceira. Retiro o de chapuza: é unha programación feita de maneira chapuceira. É iso xustamente. E ter que aguantar iso durante un período de sete anos, a verdade é que é unha lousa ¿non?, por facer tan mal as cousas. Entón alégrome de que vostede reconeza que ó final se fai o reparto para que uns fagan unha cousa e outros fagan outra. Para iso non necesitamos concertar convenios con ninguén. E eu dígolle: eu son dos que quero concertar convenios, díxenllo sempre, e é máis: oxalá houbera máis fórmulas de convenio e de colaboración entre esta deputación e a Xunta de Galicia, pero en igualdade de condicións, que sexan obxectivas e que revertan realmente na transformación da realidade dos concellos da nosa provincia, non noutra cousa.

Imos apoiar, naturalmente, que este tema quede sobre a mesa porque, efectivamente, é preferible non facer as cousas que facelas mal, e o que se vai facer hoxe aquí faise mal, podéndose facer ben, por certo, porque avisamos de que isto podía suceder. Polo tanto, nosoutros tamén imos apoiar que o tema quede sobre a mesa, e no caso de que non quede, imos manter a posición de abstención.

Sr. Varela Rey

Unicamente para precisar tamén que nosoutros entendemos que o convenio si é necesario, porque se a deputación contratara unha serie de obras e a Xunta contratara outras obras sen que houbera esa coordinación e esa cooperación, podía ser que mesmo se ocultaran, mentres que así entra dentro dunha programación de carácter global, e onde ademais si a Xunta e a deputación teñen coñecemento dos equipamentos deportivos que hai en cada un dos concellos.

Sr. presidente

Dúas observacións máis nada. A este pleno non é a primeira vez que veñen obras de concellos do Partido Popular, veñen obras do Partido Socialista ou do BNG, o que pasa é que o Partido Popular, hai que recoñecelo, é o que máis alcaldías ten nesta provincia, e polo tanto non é nada anormal que neste caso coincidan todas do Partido Popular. Cunha curiosidade: que Boimorto, dende o día 25, non saberemos que signo político gobernará o día 14, e a comisión foi celebrada o día 3 deste mes, é dicir, unha semana despois do día 25. Polo tanto eu creo que aquí non hai partidismo ningún, senón meras coincidencias de necesidades deportivas neste caso.

A seguir procédese á votación de que o punto quede sobre a mesa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

6. Decae a petición de que quede sobre a mesa. A continuación vótase o punto número

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 11 deputados (PSOE)

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos e demais documentación das obras que figuran no anexo a este acordo, das dispostas na Primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, que foi aprobada polo Pleno desta deputación na sesión celebrada o 29.11.02 e publicada no BOP número 277, con data do 03.12.2002.

1º) Aprobar a 2ª fase da Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, na que se inclúen as obras e demais gastos que conleva a súa execución que figuran no anexo a este acordo.

O resumo de financiamento desta 2ª fase é o seguinte:

	2.003	2.004	2.005	TOTAL
DEPUTACIÓN	1.528.645,04	229.869,23		1.758.514,27
CONCELLO	417.859,18	75.485,33		493.344,51
TOTAL	1.946.504,22	305.354,56		2.251.858,78

2º) Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos.

3º) Remitir este acordo á Xunta e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentárense alegacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobada esta fase.”

ANEXO Ó EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA 2ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS INCLUIDAS NO CONVENIO DE COOPERACIÓN SUSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Código	Concello/Denominación	Orzamento total		2003	2004	2005
03-7450.0005.0	BOIMORTO	Deputación	178.909,76	178.909,76	0,00	0,00
	ACONDICIONAMIENTO CAMPO DE FUTBOL EN HERMIDA	Achega Concello	39.272,87	39.272,87	0,00	0,00
		Total	218.182,63	218.182,63	0,00	0,00
03-7450.0005.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	2.530,92	2.530,92	0,00	0,00
03-7450.0005.4	COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE	Deputación	328,56	328,56	0,00	0,00
		Total Concello	221.042,11	221.042,11	0,00	0,00
03-7450.0010.0	CORISTANCO	Deputación	240.404,80	240.404,80	0,00	0,00
	REFORMA DE CAMPO DE FUTBOL "A ROCHEIRA"	Achega Concello	52.771,79	52.771,79	0,00	0,00
		Total	293.176,59	293.176,59	0,00	0,00
03-7450.0010.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	2.931,77	2.931,77	0,00	0,00
		Total Concello	296.108,36	296.108,36	0,00	0,00
03-7450.0014.0	LARACHA	Deputación	360.607,26	360.607,26	0,00	0,00
	CAMPO DE FUTBOL DE HIERBA ARTIFICIAL EN PAIOSACO	Achega Concello	79.157,69	79.157,69	0,00	0,00
		Total	439.764,95	439.764,95	0,00	0,00
03-7450.0014.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	4.397,64	4.397,64	0,00	0,00
03-7450.0014.4	COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE	Deputación	1.178,79	1.178,79	0,00	0,00
03-7450.0014.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	7.955,67	7.955,67	0,00	0,00
		Total Concello	453.297,05	453.297,05	0,00	0,00
03-7450.0016.0	PADRON	Deputación	450.516,88	325.506,06	125.010,82	0,00
	COMPLEJO DEPORTIVO EN EXTRAMUNDI	Achega Concello	222.015,67	146.530,34	75.485,33	0,00
		Total	672.532,55	472.036,40	200.496,15	0,00
03-7450.0016.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	4.872,00	4.872,00	0,00	0,00
03-7450.0016.4	COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE	Deputación	4.872,00	4.872,00	0,00	0,00
03-7450.0016.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	19.488,00	19.488,00	0,00	0,00
		Total Concello	701.764,55	501.268,40	200.496,15	0,00
03-7450.0018.0	PONTECESO	Deputación	209.716,83	104.858,42	104.858,41	0,00
	MEJORA CAMPO DE FUTBOL: VESTUARIOS Y CIERRE	Achega Concello	46.035,40	46.035,40	0,00	0,00
		Total	255.752,23	150.893,82	104.858,41	0,00
03-7450.0018.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	2.557,52	2.557,52	0,00	0,00
03-7450.0018.4	COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE	Deputación	1.173,44	1.173,44	0,00	0,00
03-7450.0018.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	6.595,83	6.595,83	0,00	0,00
		Total Concello	266.079,02	161.220,61	104.858,41	0,00
03-7450.0024.0	TEO	Deputación	246.414,96	246.414,96	0,00	0,00
	CAMPO DE FUTBOL DE HIERBA ARTIFICIAL EN CALO	Achega Concello	54.091,09	54.091,09	0,00	0,00
		Total	300.506,05	300.506,05	0,00	0,00
03-7450.0024.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	2.176,94	2.176,94	0,00	0,00
03-7450.0024.4	COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE	Deputación	2.176,94	2.176,94	0,00	0,00
03-7450.0024.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	8.707,76	8.707,76	0,00	0,00
		Total Concello	313.567,69	313.567,69	0,00	0,00
		Deputación	1.758.514,27	1.528.645,04	229.869,23	0,00
	RESUMEN DA 2ª FASE	Achega Concello	493.344,51	417.859,18	75.485,33	0,00
		TOTAL	2.251.858,78	1.946.504,22	305.354,56	0,00

7.- POSTA EN COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 4731/2003 RELATIVA Á REDACCIÓN DO PROXECTO DE ADAPTACIÓN DO EDIFICIO DA RÚA DA FRANXA (ACTUAL SEDE DO CONSERVATORIO DE DANZA) PARA DESTINALO Ó CENTRO DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN E DOS CONCELLOS DA PROVINCIA, ASÍ COMO A SALA DE EXPOSICIÓNS TEMPORAIS.

O pleno queda informado da Resolución da Presidencia núm. 4731/2003 realtiva á redacción de proxecto de adaptación do edificio da rúa Franxa (actual sede do Conservatorio de Danza) para destinalo a Centro de Formación e Perfeccionamento do persoal da deputación e dos concellos da provincia, así como sala de exposicións temporais.

8.- POSTA EN COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA NÚM. 2035/2003 RELATIVA Á REDACCIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E ADAPTACIÓN DO ACTUAL EDIFICIO DO ARQUIVO PROVINCIAL.

A Corporación queda informada da Resolución da Presidencia núm. 2035/2003 tocante á redacción do proxecto de ampliación e adaptación do actual edificio do Arquivo Provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Rodríguez Doval

Un rogo. Como posiblemente sexa este o derradeiro pleno ordinario que fagamos a actual corporación, e en sintonía cun debate amplo e creo que interesante, que tivemos aquí con motivo do que sucedeu co Prestige, eu rogaríalle ó Sr. presidente que se dirixira oficialmente ó presidente da Xunta solicitándolle que lle pediran ó Sr. Cascos que devolva a medalla de ouro, e que a medalla de ouro se lle entregara ós voluntarios que participaron na recuperación das nosas costas. Dígoo en serio, dígoo en serio e de todo corazón, porque me sinto ofendido, non como membro desta deputación senon como habitante dun país que se chama Galicia, que segue sufrindo esa catástrofe. Entón digo que, cordialmente, institucionalmente, nun aceno de boa vontade, o presidente lle pida a Cascos que devolva a medalla e que lla dea ós voluntarios, que son os que a merecen.

Sr. presidente

Vostede dío en serio; eu digo que hai que ser máis serios neste tema tamén.

Posiblemente aínda haxa algún pleno máis, polo menos un para aprobar as actas que queden pendentas, a acta deste pleno, e ben, non sei como quedará o tema de Fisterra, non sei se se resolverá pronto ou non se resolverá pronto, pero ben, de todas formas, un pleno máis haberá, que será o da aprobación da acta deste pleno.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remátase a sesión sendo as doce horas e trinta minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.